REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 16/10/2020 16:38:48
Nº Rexistro: 755
Data envio: 16/10/2020 16:38:48.009

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. **Elección da presidencia da Comisión** (artigo 41 e 36 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Punto 2. **Preguntas**

2.1 1315 (11/POC-000202)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre as medidas inseridas no protocolo elaborado polo Goberno galego para garantir a seguridade e minimizar o risco de contaxios por covid-19 entre os usuarios do transporte compartido. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 12, do 08.09.2020

2.2 2610 (11/POC-000410)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre os datos referidos ás iniciativas de rehabilitación de inmobles que se atopan en marcha na actualidade no barrio da Tinería, na cidade de Lugo, as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para a recuperación dos edificios emblemáticos, como o pazo de Dona Urraca ou a Casa-Torre, e a contía total dos investimentos comprometidos, así como sobre a valoración que fai deste tipo de iniciativas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020

2.3 2661 (11/POC-000420)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre as razóns da baixada que presenta o nivel do encoro do Eume, as previsións referidas á súa recuperación e a súa posible relación coas obras anunciadas por Endesa no cartel situado no acceso, así como sobre as actuacións de control e vixilancia que ao respecto están a desenvolver os organismos dependentes da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020

2.4 2802 (11/POC-000441)

CSV: REXISTROcamo60AHk9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 16/10/2020 16:38:48
Nº Rexistro: 755
Data envio: 16/10/2020 16:38:48.009

PARLAMENTO DE GALICIA

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa protección da paisaxe de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 1138 (11/PNC-000094)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre a adxudicación polo Goberno galego, antes do remate de 2020 e garantindo a aplicación dos fondos europeos, das obras de construción da nova estación depuradora de augas residuais de Burela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12, do 08.09.2020

3.2 2788 (11/PNC-000305)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos espazos naturais protexidos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2020

Ramón Carballo Páez
Vicepresidente da Comisión

Ramón Carballo Páez

Firmado digitalmente por Ramón Carballo Páez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Ramón Carballo Páez, email=ramon.carballo.paez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.10.16 14:15:46 +02'00'

CSV: REXISTROcamo60AHk9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 16/10/2020 16:38:48
Nº Rexistro: 755
Data envio: 16/10/2020 16:38:48.009

Asinado dixitalmente por:

Ramón Carballo Páez na data 16/10/2020 14:15:46

CSV: REXISTROcamo60AHk9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Vicepresidente

Ramón Carballo Páez	P

Secretario

Paulo Ríos Santomé	BNG

Vogais

José Manuel Balseiro Orol	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Paloma Castro Rey	S
María Sol Díaz Mouteira	P
Alexandra Fernández Gómez	BNG
Martín Fernández Prado	P
Rubén Lorenzo Gómez	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Jesús Vázquez Almuíña	P
Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección da presidencia da Comisión

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1315(11/POC-000202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre as medidas inseridas no protocolo elaborado polo Goberno galego para garantir a seguridade e minimizar o risco de contaxios por covid-19 entre os usuarios do transporte compartido. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 12, 08.09.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2020 11:34:23
Nº Rexistro: 1315
Data envio: 04/09/2020 11:34:23.763

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Verea Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique nesta Cámara as medidas adoptadas fronte á covid para protexer a saúde dos escolares e dos usuarios xerais no autobús compartido no inicio do curso escolar, ao tratase dun asunto de especial interese para a cidadanía.

A incidencia da pandemia da covid-19 e a necesidade imperiosa de protexernos dela o máximo posible obrigou a mudar, entre outras moitas cousas, o xeito de afrontar a mobilidade, especialmente cando empregamos o transporte público para desprazarnos. O Goberno galego, para garantir unha mobilidade segura no transporte público da súa competencia, está a adaptar as normas que regulan o seu funcionamento ás circunstancias continxentes que se van dando en cada momento, derivadas da covid-19.

Nesa constante adaptación ás circunstancias, o principio irrenunciable, como non pode ser doutro xeito, é tomar todas as medidas de protección e prevención dispoñibles, así como a dotación do material de protección e hixiene preciso, para minimizar ao máximo o risco de contaxio entre os usuarios do transporte público e tamén entre os seus traballadores.

A peculiar dispersión territorial dos núcleos de poboación na nosa comunidade, unida a unha alta taxa de envellecemento da nosa cidadanía, fan que o transporte público de viaxeiros acade, se cabe, unha maior relevancia, posto que contribúe, de xeito notorio, a achegar os servizos básicos a un amplo porcentaxe de poboación.

E neste contexto, é indubidable a importancia que adquire a modalidade de transporte compartido, no que os escolares comparten autobús con maiores da súa contorna, sendo mesmo, con frecuencia, membros da súa unidade familiar. A existencia deste servizo permite dispoñer aos habitantes de núcleos rurais máis pequenos e illados

CSV: REXISTROHLJBNnoubB5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2020 11:34:23
Nº Rexistro: 1315
Data envio: 04/09/2020 11:34:23.763

grupo parlamentario popular de galicia

dunha comunicación periódica directa con outras poboacións máis grandes e acceder, con autonomía, aos servizos básicos antes aludidos.

Porén, dada a persistencia da pandemia, tamén é obrigado extremar as medidas de prevención, máxime cando nesta modalidade de transporte comparten espazo usuarios de moi diferente franxa de idade, unha delas considerada vulnerable.

Polo exposto, é ante o inicio do curso escolar e, polo tanto, da activación do transporte compartido, para o que o Goberno galego xa ten anunciado a posta en marcha dun protocolo específico, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

1. Que medidas recolle o protocolo elaborado polo Goberno galego para garantir a seguridade e minimizar o risco de contaxios por Covid-19 entre os usuarios do transporte compartido?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/09/2020 11:09:04

María Elena Candia López na data 04/09/2020 11:09:31

CSV: REXISTROHLJBNnouB5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2020 11:34:23
Nº Rexistro: 1315
Data envio: 04/09/2020 11:34:23.763

grupo parlamentario popular de galicia

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 04/09/2020 11:09:58

Ramón Carballo Páez na data 04/09/2020 11:10:09

María Sol Díaz Mouteira na data 04/09/2020 11:10:26

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2020 11:10:37

Borja Verea Fraiz na data 04/09/2020 11:18:12

CSV: REXISTROHLJBNnouB5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 2610(11/POC-000410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre os datos referidos ás iniciativas de rehabilitación de inmobles que se atopan en marcha na actualidade no barrio da Tinería, na cidade de Lugo, as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para a recuperación dos edificios emblemáticos, como o pazo de Dona Urraca ou a Casa-Torre, e a contía total dos investimentos comprometidos, así como sobre a valoración que fai deste tipo de iniciativas

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 10:29:54
Nº Rexistro: 2610
Data envio: 29/09/2020 10:29:54.641

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Encarma Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez e Borja Verea Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Goberno galego está a desenvolver un esforzo técnico e económico importante para revitalizar e mellorar o emblemático barrio da Tinería, emprazado no casco histórico lucense.

Este compromiso tomou especial intensidade na presente lexislatura, coas iniciativas promovidas desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dirixidas á rehabilitación de inmobles e recuperación de espazos urbanos.

Neste momento, hai obras en execución en varios inmobles deste barrio que se transformarán en vivendas de promoción pública e locais a disposición da veciñanza.

Pero tamén está en marcha o programa Rexurbe, cunha oferta pública para adquirir inmobles en estado de abandono ou semi-abandono e diversas iniciativas para a recuperación de edificios emblemáticos emprazados neste espazo como o pazo de Dona Urraca e a Casa Torre (antigo Hospital da San Miguel)

Co obxecto de facer balance destas cuestións, os deputados e deputadas asinantes formulamos as seguintes preguntas:

1-) Que investimento achega a Xunta de Galicia nas iniciativas de rehabilitación de inmobles que están neste momento en marcha no barrio da Tineria?

2-) Como resultado destas obras, cantas vivendas de promoción pública e locais estarán a disposición da veciñanza?

3-) Que outras medidas está a desenvolver o Goberno galego para a recuperación de edificios emblemáticos neste barrio como o pazo de Dona Urraca ou a Casa-Torre?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTROgweyKF-zjF9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 10:29:54
Nº Rexistro: 2610
Data envio: 29/09/2020 10:29:54.641

grupo parlamentario popular de galicia

4-) A canto ascende os investimentos comprometidos para A Tinería, contabilizando actuacións acabadas e en execución?

5-) Que valoración fai o Goberno galego deste tipo de iniciativas de recuperación do barrio?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/09/2020 10:22:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTROgweyKFzjF9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 10:29:54
Nº Rexistro: 2610
Data envio: 29/09/2020 10:29:54.641

grupo parlamentario popular de galicia

Martín Fernández Prado na data 29/09/2020 10:23:15

María Elena Candia López na data 29/09/2020 10:23:57

Ramón Carballo Páez na data 29/09/2020 10:24:30

María Sol Díaz Mouteira na data 29/09/2020 10:24:42

Sandra Vázquez Domínguez na data 29/09/2020 10:25:02

Daniel Vega Pérez na data 29/09/2020 10:25:20

Borja Verea Fraiz na data 29/09/2020 10:25:54

CSV: REXISTROgweyKFzjF9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 2661(11/POC-000420)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre as razóns da baixada que presenta o nivel do encoro do Eume, as previsións referidas á súa recuperación e a súa posible relación coas obras anunciadas por Endesa no cartel situado no acceso, así como sobre as actuacións de control e vixilancia que ao respecto están a desenvolver os organismos dependentes da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 17:57:02
Nº Rexistro: 2661
Data envio: 29/09/2020 17:57:02.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Alexandra Fernández Gómez**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao estado do encoro situado no río Eume e á súa posible relación coas obras de Endesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de coñecemento público a importante diminución no nivel do encoro do Eume que se está a dar dende vai meses; unha simple consulta nas webs especializadas (15/09/2020) fixa as súas reservas nos 58 hm3 dos 123 hm3 da súa capacidade, un 47 %, fronte ao 65 % na mesma semana de 2019, ou o 76 % da media na mesma semana dos últimos 10 anos; para descartar unha situación xeneralizada, é posíbel facer a comparativa cos datos do outro encoro da mesma conca, o da Ribeira, situados augas arriba, que ofrece unas porcentaxes, na mesma orde que as anteriores, do 67 %, 67 %, e 62%, que contrastan, con forte evidencia, cos anteriores, descartando as causas naturais e focalizando a responsabilidade sobre de axentes externos.

Aínda que o texto do cartaz que figura na entrada ao muro do encoro do Eume -pechada dende vai anos- está moi afectado polo paso do tempo, o que impide a súa total lectura, si se aprecia o anuncio dunhas obras por parte da concesionaria da explotación hidroeléctrica.

CSV: REXISTROqwCej40zM9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 17:57:02
Nº Rexistro: 2661
Data envio: 29/09/2020 17:57:02.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non debería de ser necesario subliñar que o meritado encoro está nas Fragas do Eume, Parque Natural tan recoñecido pola Xunta como esquecido, exemplo da desastrosa xestión política do PP -máis ben da súa ausencia-, no que ademais se desenvolven un conxunto de actividades ambientais, lúdicas e económicas que están a ser afectadas pola situación descrita, o que se manifesta na importante preocupación das axentes e promotoras. E sendo a día de hoxe, un dos lugares de referencia a visitar e coñecer na actual situación provocada pola crise sanitaria da COVID19, e con maior valor engadido para o desenvolvemento dun turismo propio, sostíbel e respectuoso, onde o mesmo impacto visual e afectación a flora e fauna do propio encoro como da contorna supón un grave prexuízo para un turismo diferente e non estacional.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal é o motivo da alarmante diminución do nivel no encoro do Eume? Cal é a previsión da súa recuperación dos niveis normais?

- Existe relación entre a situación do encoro do Eume e as obras que se anuncian por parte de Endesa no cartaz situado no acceso?

- As obras teñen todos os permisos, licenzas e autorizacións obrigadas? Que administracións, organismos e/ou departamentos están relacionados cos meritados permisos, licenzas e autorizacións, con independencia da súa emisión, obtención e/ou vixencia?

- Cales son as intervencións de control e vixilancia que están a desenvolver os organismos dependentes da Xunta?

CSV: REXISTROqwCej4OzM9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 17:57:02
Nº Rexistro: 2661
Data envio: 29/09/2020 17:57:02.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Diante da evidencia e á vista de que os fondos do encoro resultaron ser un depósito de refugallos empregado por ENDESA, pode garantir a Xunta que non existen ou existirán afeccións ou impactos? De existir, cales foron as medidas adoptadas?

- Tivéronse en consideración os meritados impactos no Eume, e, polo tanto, no Parque Natural das Fragas do Eume, na elaboración dos informes polos organismos ou departamentos da Xunta consultados dende a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no trámite da avaliación do impacto ambiental, polo procedemento simplificado, do proxecto de desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 e 4 da central termoeléctrica de Endesa nas Pontes (expediente 20200088)? No caso negativo, por que non? De terse en consideración, solicitouse polos organismos o departamentos da Xunta a tramitación polo procedemento ordinario, como regulan as disposicións de aplicación?.

- Tal e como comunicou a propia empresa no mes de agosto do ano 2019, desenvolvéronse unhas probas de apertura correspondente ao proxecto de "Modernización do desaugue de fondo da presa do Eume segunda fase". Teñen coñecemento das probas e os resultados que se tiraron das devanditas probas?

- Cal é o estado das augas do río Eume ao respecto das obras e probas desenvolvidas por ENDESA?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

CSV: REXISTROqwCej4OzM9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2020 17:57:02
Nº Rexistro: 2661
Data envio: 29/09/2020 17:57:02.491

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/09/2020 17:56:01

Alexandra Fernández Gómez na data 29/09/2020 17:56:10

Paulo Ríos Santomé na data 29/09/2020 17:56:18

Xosé Luis Bará Torres na data 29/09/2020 17:56:23

CSV: REXISTROqwCej40zM9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 2802(11/POC-000441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa protección da paisaxe de Galicia

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2802
Data envío: 01/10/2020 14:19:14.071

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez, Paloma Castro Rey e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A paisaxe é definida polo director xeral de Conservación da Natureza do goberno presidido por Emilio Pérez Touriño como aquel "anaco de territorio que abranguemos cunha soa ollada, pero tamén como "un xeito de mirar o territorio": constitúe un elemento fundamental da identidade colectiva e da calidade de vida das persoas e por iso debe ser reflexo fiel dun territorio, dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural e dunha sociedade en relación harmónica co medio, onde primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos seus recursos, o desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

A aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia, pois converteunos nunha Comunidade Autónoma pioneira, seguindo os pasos de Cataluña e Valencia. A pesares de que o Grupo Popular votara en contra desta lei, o Goberno galego aprobou un regulamento de desenvolvemento, por medio do Decreto 96/2020, do 29 de maio, que entrará en vigor 12 anos despois da lei. Tardará case tanto como en se reunir, por primeira vez dende aquela lei, o Consello Asesor da Paisaxe, con 38 persoas que o constitúen e que se vai encargar de emitir informes de recomendacións non vinculantes.

Xa que logo, o Goberno actual recoñece por fin a gran importancia da paisaxe galega, da necesidade de mirar por ela e de protexer os seus elementos, aínda que non sexa favorable á creación dun necesario Observatorio Galego da Paisaxe. Pola contra, este proxecto de regulamento regula con efusividade e con moitas competencias o Instituto de Estudos do Territorio, que descoñecemos se vai afrontar todos estes novos retos, se vai ter algún departamento específico para os temas da paisaxe ou se vai ampliar a súa dotación económica (sobre todo se

CSV: REXISTROZ9ny1wQWh9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2802
Data envio: 01/10/2020 14:19:14.071

temos en conta que, en 2019, o seu orzamento era de 3,129 millóns de euros e, para 2020, só se incrementa en 810.000 euros máis).

Por outra parte, o regulamento é un contenedor xurídico baleiro que se remite a outros instrumentos que a este ritmo non chegarán a desenvolverse nas nosas vidas, e que apenas fala de impulsar unha auténtica e obrigatoria recuperación paisaxística dos espazos degradados -sexa pola actividade mineira ou por calquera outra actividade-, de como facelo, de cando esixilo, de que garantías pedir ou das competencias das persoas responsables dos distintos departamentos da Xunta de Galicia. Nin aborda de maneira suficiente outros temas que están a ter e que van ter no futuro un grande impacto na paisaxe, como os futuros parques eólicos, cada vez máis altos e potentes, ou a proliferación indiscriminada dunha especie forestal como o eucalipto que se caracteriza pola uniformización da paisaxe, dado que carece das variacións estacionais na cor da follaxe que son típicas das especies autóctonas de Galicia e que conforman o fermoso colorido dos territorios do noso entorno no outono e na primavera. Nin aborda o problema dos incendios forestais malia os estragos que están a producir en canto a perda de calidade paisaxística e a destrución do patrimonio natural. Nin tampouco trata coa debida fondura a necesidade de incorporar os temas da paisaxe ao ensino, sobre todo nos ciclos educativos para as nenas e nenos.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que a aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia foi de enorme transcendencia para o país?
2. Por que tardou 12 anos en desenvolver a lei mediante o correspondente regulamento?
3. Canto estima que vai tardar en desenvolver os instrumentos coma as directrices da paisaxe e outros contemplados no regulamento?
4. Por que o Goberno non é favorable á creación dun Observatorio Galego da Paisaxe e non o contempla no regulamento?
5. Como vai afrontar o Instituto de Estudos do Territorio os novos retos que recolle o regulamento? Vai ter algún departamento específico para os temas da paisaxe? Vai ampliar a súa dotación económica para tal fin?
6. Por que o regulamento non recolle accións e medidas para a corrección paisaxística dos lugares degradados? Por que non considera a proliferación do

CSV: REXISTROZ9ny1wQWh9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2802
Data envio: 01/10/2020 14:19:14.071

eucalipto como un asunto que afecta a calidade paisaxística? Por que tampouco aborda o problema dos incendios forestais?

7. Por que non trata coa debida fondura a necesidade de incorporar os temas da paisaxe no ensino galego?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro do 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Paloma Castro Rey
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 01/10/2020 14:15:18

Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2020 14:15:28

Paloma Castro Rey na data 01/10/2020 14:15:49

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2020 14:15:56

CSV: REXISTROZ9ny1wQWh9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 1138(11/PNC-000094)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a adxudicación polo Goberno galego, antes do remate de 2020 e garantindo a aplicación dos fondos europeos, das obras de construción da nova estación depuradora de augas residuais de Burela

Publicación da iniciativa, 12, 08.09.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 1138
Data envio: 31/08/2020 15:32:11.702

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, Pablo Arangüena Fernández e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

En Burela hai unha necesidade urxente dunha nova depuradora de augas residuais (EDAR). É un problema que arrastran os veciños e veciñas de Burela desde hai anos.

Xa en decembro do ano 2011 o por aquel entón alcalde, o señor Barcia, admitía problemas case a diario coa depuradora de augas residuais e quería unha nova para o concello.

En abril de 2015 Augas de Galicia detectaba incumprimentos na dita depuradora.

En agosto de 2018 a UE avisaba a España por fallos na depuración en varios concellos galegos, entre eles o de Burela.

As primeiras informacións apuntaban a que as novas instalacións da EDAR poderían estar en funcionamento no ano 2017, pero os traballos fóronse dilatando e a día de hoxe seguen pendentes, correndo o risco serio de que se non se rematan estas obras en prazo se perdan fondos europeos.

A directora de Augas de Galicia dixo na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos da Xunta para o 2020, que nese ano se finalizará a redacción do proxecto de saneamento, orzamentando para iso 250.001 €. Estamos a falar dunha obra que se prevé que rolde os 9.000.000 €.

Ante esta situación é preciso unha actuación urxente, xa que a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova depuradora de augas residuais.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: REXISTROh5vnvLWEf9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 1138
Data envio: 31/08/2020 15:32:11.702

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar a adxudicación da obra da EDAR de Burela antes de que remate este ano 2020, garantindo a aplicación dos fondos europeos.

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 31/08/2020 13:01:03

Pablo Arangüena Fernández na data 31/08/2020 13:01:18

Juan Carlos Francisco Rivera na data 31/08/2020 13:01:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 31/08/2020 13:01:54

CSV: REXISTROh5vmLWEf9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 22.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 2788(11/PNC-000305)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos espazos naturais protexidos

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 13:30:54
Nº Rexistro: 2788
Data envio: 01/10/2020 13:30:54.666

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Galiza sitúase na cola do estado e de Europa en materia de espazos naturais protexidos. Temos poucos parques naturais e de pequenas dimensións e somos a comunidade do Estado con menos porcentaxe de superficie protexida pola Rede Natura. Nos últimos quince anos non se ampliou a Rede Natura nin se crearon novos parques.

2. A Xunta aprobou en 2014 o Plan Director da Rede Natura, mais a UE reclamou Plans específicos de conservación individualizados para cada un dos espazos protexidos:

"As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión".

3. Por outra parte, dos seis parques naturais que xestiona a Xunta de Galicia, só tres teñen aprobado o correspondente Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) e os tres son de recente aprobación, nalgún caso máis de 20 anos desde a declaración do parque:

CSV: REXISTROnZ7L8yMwc6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 13:30:54
Nº Rexistro: 2788
Data envio: 01/10/2020 13:30:54.666

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Os PRUX dos parques naturais do Invernadorio e da Serra da Enciña da Lastra aprobáronse en setembro de 2019.

- O PRUX do Parque Natural do Monte Aloia actualizouse en febreiro de 2020.

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, con unha superficie de 20.00o hectáreas nos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños, foi declarado no ano 1993. En 2018 o goberno galego iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, aínda non concluído.

O parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán foi declarado en 1992. Transcorridos 28 anos, aínda está pendente de aprobación o correspondente PRUX que entre outras cousas debería establecer os límites para o aproveitamento e uso dos recursos.

O Parque Natural das Fragas do Eume creouse en 1997 mais non foi até o ano 2017 cando se iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, que nestes momentos está paralizado.

4. Ademais do escaso número de espazos naturais e da falta de instrumentos de planificación de uso e xestión, os parques adoecen dunha moi baixa asignación orzamentaria e carecen de dirección logo da supresión desta figura por parte da Xunta de Galiza. A Creación do Fondo de Conservación da Natureza podería ser un instrumento eficaz para financiar medidas de conservación, protección, ordenación e dinamización dos espazos naturais protexidos, para fomentar o desenvolvemento sustentábel das comunidades locais e para fomentar o labor das entidades de custodia do territorio.

CSV: REXISTROnZ7L8yMwc6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 13:30:54
Nº Rexistro: 2788
Data envio: 01/10/2020 13:30:54.666

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. A non aprobación dos PRUX, a falta de investimentos e de dirección inciden no deterioro e na degradación dos espazos naturais: os lumes, a perda de biodiversidade, a presión dos lobis madeireiros, as especies invasoras son algunhas manifestacións do mal estado destes espazos. Os recentes lumes no parque da Baixa Limia-Xurés, que arrasaron 3.000 hectáreas, son a manifestación dun fracaso colectivo e da falta dun proxecto viábel de protección e desenvolvemento integral de territorios de grande valor ecolóxico, social e cultural.

6. A pandemia da COVID 19 puxo de manifesto a importancia da biodiversidade para garantir a saúde, a seguridade e o benestar colectivo. E tamén puxo o foco nos graves riscos derivados da destrución da natureza e da alteración dos equilibrios ecolóxicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Aprobar, no menor prazo de tempo posíbel, os Plans Reitores de Uso e Xestión dos parques naturais que carecen deste instrumento.

2. Cumprir as esixencias da Comisión Europea a respecto da necesidade de aprobar Plans específicos de Conservación de cada un dos espazos declarados Rede Natura.

CSV: REXISTROnZ7L8yMwc6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 13:30:54
Nº Rexistro: 2788
Data envio: 01/10/2020 13:30:54.666

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Abrir o proceso para a ampliación da Rede Natura contando coa participación das universidades e das entidades ambientalistas e de custodia do territorio, e utilizando como punto de partida as propostas do IBADER.

4. Crear o Fondo de Conservación da Natureza entendido como unha dotación económica plurianual e estábel destinada a

- Preservar a biodiversidade, con especial atención aos espazos naturais protexidos.

- Financiar os Plans de conservación e de recuperación de especies vulnerábeis e en perigo de extinción.

- Financiar programas de loita contra as especies exóticas invasoras.

- Financiar programas de boas prácticas en materia de desenvolvemento sustentábel nas comarcas que conten con parques naturais e con espazos declarados Rede Natura e Reservas de Biodiversidade.

- Financiar programas de custodia do territorio promovidos por entidades sen ánimo de lucro."

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: REXISTROnZ7L8yMwc6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2020 13:30:54
Nº Rexistro: 2788
Data envio: 01/10/2020 13:30:54.666

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/10/2020 13:15:29

Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2020 13:15:39

Paulo Ríos Santomé na data 01/10/2020 13:15:48

CSV: REXISTROnZ7L8yMwc6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/